

Galicia chora a Manuel María, o poeta do pobo, no panteón de Bonaval




FOTO:Nacho Santás

A capela ardente de Manuel María está instalada ata primeira hora deste serán no Panteón de Galegos Ilustres

"Se a vida é unha alegría ¿como pode ser a morte unha tristeza?", aseguraba Manuel María nos seus últimos anos, fundindo principio e fin como un ouróboro, símbolo da continuidade no universo. El mesmo, á fin e ó cabo, era un ouróboro: viu a primeira luz na Terra Cha e na Terra Cha descansa a partir de hoxe para sempre; o seu primeiro libro titulouse 'Muiñeiro de brétemas' e o último -o último verdadeiramente importante- foi 'Brétemas do muiñeiro'. Marcha tan só como veu, el que é o último banzo da súa xeración e dunha era -a de Cuña Novás ou Novoneyra, o seu amigo. Atrás deixa, sen embargo, a nación que axudou a reconstruír coa súa única riqueza: a poesía. En Bonaval, onte, no centro do Panteón de Galegos Ilustres- xunto a Rosalía e Castelao- centos de persoas achegáronse a darlle o último adeus: foi, dicían, o home que fixo da súa voz a alma do pobo. Todos, en certo sentido, sentíanse orfos.